


Tutorial utilización da aula virtual polo alumnado

O centro ten dúas plataformas de formación virtual para o alumnado: Edixgal en algunhas materias de 1º e 2º de ESO que o alumnado xa está moi afeito a utilizar e a Aula Virtual (moodle 3.x) que está ligada á páxina web e que sería a que temos que usar para o resto das materias de 1º e 2º que non están en Edixgal e para 3º e 4º de ESO e 1º e 2º de Bacharelato. Para entrar en esta plataforma podemos acceder a través da páxina web do Centro.



Poñendo en google “aula virtual ies castro alobre vilagarcía” tamén nos levaría á ligazón que é:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iescastroalobrevilagarcia/aulavirtual/>

Apantalla que nos aparecería é:

Buscar en cursos:

Como pódese ver as categorías están organizadas por departamentos, polo que se queremos ir se temos información relacionada coa nosa materia de Tecnoloxía, por exemplo, teríamos que pinchar en dita categoría e apareceríanos todas as materias do departamento que teñen aula virtual. Para axudar a identificar os cursos moitas veces tamén ven o **nome do profesor/a**.

The screenshot shows a web interface for a course catalog. At the top, there's a breadcrumb trail: 'Páxina principal > Cursos > Tecnoloxía'. Below this, there's a search bar with 'Categorías de curso: Tecnoloxía' and a 'Buscar en cursos:' field. The main content area lists several courses:

- Ámbito científico 3º PMAR**: Profesora: Begoña Solla Fontan
- Trabajo estructuras 2º ESO E**: Aquí tenéis las instrucciones para hacer los dos trabajos del trimestre así como la tarea para entregar la presentación.
- Trabajo estructuras 2º ESO C**: Aquí tenéis las instrucciones para hacer los dos trabajos del trimestre así como la tarea para entregar la presentación.
- 3º_A-B_Tecnoloxia**: Profesora: Probador Tec
- ELECTROTECNIA**
- TECNOLOXÍA INDUSTRIAL 2º**: Profesora: Anxo Mellid Gándara, Profesora: Begoña Solla Fontan
- TEC INDUSTRIAL 1º**: Profesora: Anxo Mellid Gándara
- TECNOLOXÍA 4º ESO**: Profesora: Anxo Mellid Gándara, Profesora: Begoña Solla Fontan
- TECNOLOXÍA 4º ESO (Begoña Solla)**: Profesora: Anxo Mellid Gándara, Profesora: Begoña Solla Fontan

At the bottom of the list, there's a note: 'Neste curso virtual poñerémonos en contacto con todos os contidos que se imparten na área de Tecnoloxía de 4º da ESO.'

Algúns destes cursos están abertos incluso a xente que non é do Centro (**podedes entrar como convidados**), pero a maioría só están dispoñibles para o noso alumnado, por tanto para poder acceder aos cursos cada alumno ten que **entrar co seu nome de usuario e contrasinal**. Para poder acceder temos que pinchar en **Acceso**, na esquina superior dereita.

The screenshot shows the 'Aula virtual' interface. At the top right, it says 'Non está identificado. (Acceso)'. The main content area is titled 'Cursos' and lists various subjects:

- IES CASTRO ALOBRE
- Miscelánea
- Biblioteca
- Biología e Xeoloxía
- Cine
- Economía
- Educación física
- Educación plástica e visual
- Filosofía
- Física e química
- Formación e orientación laboral
- Francés
- Grego
- Inglés
- Latín e Cultura Clásica
- Lingua castelán e literatura
- Lingua galega e literatura
- Matemáticas
- Música
- Normalización lingüística

At the bottom, there's a search bar and a 'Ver máis' link. The footer includes the 'fnoodle' logo and the text 'Non está identificado. (Acceso)'. On the right side, there's a 'Calendario' widget for March 2020, 'Usuarios conectados' (Ningun), and 'Últimas noticias' (Ainda non foi comentada ningunha).

E teríamos a seguinte ventá:

The screenshot shows a web interface for logging in. At the top left, there is a navigation bar with 'Página Principal' and 'Entrar al sitio'. The main content area is titled 'Entrar'. It contains a form with the following elements: a text input for 'Nombre de usuario', a text input for 'Contraseña', a checked checkbox for 'Recordar nombre de usuario', and an 'Entrar' button. Below the form, there is a link: '¿Olvidó su nombre de usuario o contraseña?'. A message states: 'Las 'Cookies' deben estar habilitadas en su navegador'. Below this, there is a section for guest access: 'Algunos cursos permiten el acceso de invitados' with an 'Entrar como invitado' button. At the bottom, it says 'Usted no se ha identificado.' and has a 'Página Principal' button. A black arrow points from the text below to the 'Nombre de usuario' input field.

Ahí introduciríamos o **nome de usuario e a contrasinal**. No caso do alumnado o seu nome de usuario é en minúsculas as catro primeiras letras do seu nome e tres dos seus apelidos como se pode ver nos seguintes exemplos:

Aldara Díaz Vázquez: aldadiavaz

Carme Pérez Rey: carmperry


A **contrasinal** é a que vos indicou o profesor/a para aqueles que xa empregades a aula virtual habitualmente, senón a tedes podedes chamar ao centro en horario de 10 a 13 h ou mandar un correo ao IES ies.castroalobre.vilagarcia@edu.xunta.es ou mandarlle unha mensaxe ao tutor/a se tedes contacto con el/ela a través de correo electrónico.

Para aqueles alumnos que non soedes empregar a aula virtual, o curso terá acceso como convidado **Entrar como convidado** (debaixo do acceso como usuario)

Unha vez dentro da aula virtual terá que aparecer o seu nome na esquina superior dereita ou invitado se accededes así.


The screenshot shows a user interface after logging in. At the top right, it says 'Estás identificado como Marta Garza (Saír)'. Below this is a 'Cursos' section with a list of courses: 'IES CASTRO ALOBRE', 'Miscelánea', 'Biblioteca', and 'Bioloxía e Xeoloxía'. To the right of the courses is a 'Calendario' section showing a calendar for March 2020. A black arrow points from the text above to the top right corner of the page.

Ao entrar nun curso veríamos a información organizada en temas:




Dentro de cada tema o máis habitual e ter ligazóns á páxinas web relacionadas coa materia, ficheiros de distintos tipos (pdf, doc, odt,...) con teoría, exercicios ou información adicional ou tarefas que ten que realizar o alumnado e envían nun prazo marcado ao profesor.

Para abrir as ligazóns ou os ficheiros simplemente tedes que premer co rato sobre eles. Se tedes que enviar unha **arefa** tamén pincharíades encima e aparecería esta ventá:




E marcamos **Engadir entrega**

Aparecería a seguinte pantalla



E agora temos dúas opcións coller o arquivo dende o noso explorador de arquivos e soltalo na ventá onde está a frecha.

Ou pinchar na icona que está na esquina superior esquerda e teremos esta ventá:



Pinchamos en seleccionar arquivo e aparecería o explorador de arquivos do noso ordenador, seleccionamos o arquivo que tedes que enviar e pinchamos en **Enviar este ficheiro**.

Co cal a nosa nova venta é:

DESEÑO INDIVIDUAL DO PROXECTO DE ELECTRICIDADE-ELECTRÓNICA

DESEÑO INDIVIDUAL DO PROXECTO DE ELECTRICIDADE-ELECTRÓNICA

▼ **Entregas de ficheiros**

Tamaño máximo para os novos ficheiros: 700

►  Ficheiros



Titorial uso da aula virtual polo


[Cancelar](#)

Para rematar marcamos **Gardar os cambios** e aparecería esta ventá na que xa está enviada ao profesor a tarefa.

DESEÑO INDIVIDUAL DO PROXECTO DE ELECTRICIDADE-ELECTRÓNICA


DESEÑO INDIVIDUAL DO PROXECTO DE ELECTRICIDADE-ELECTRÓNICA

Estado da entrega

| | |
|---------------------------|--|
| Estado da entrega | Entregado para cualificacións |
| Estado das cualificacións | Sen cualificar |
| Data límite | Luns, 30 de Marzo do 2020, 00:00 |
| Tempo restante | 16 días 13 horas |
| Última modificación | Venres, 13 de Marzo do 2020, 09:22 |
| Entregas de ficheiros |  Titorial uso da aula virtual polo alumnado.pdf |
| Comentarios a entrega | ► Comentarios (0) |


Facerlle cambios á súa entrega

Outra ferramenta para poder **plantexar preguntas e solucionar dúbidas son os foros**, nos que normalmente o profesor inicia un tema de discusión e o alumnado pode preguntar todas as dúbidas quedando as convesas gravadas no foro para que se poidan ver en calquera momento.




Para entrar no foro pinchamos sobre o texto correspondente

A continuación pinchamos sobre o nome da discusión



Teríamos a seguinte pantalla e marcamos en responder



E a continuación aparecería a seguinte ventá onde podemos poñer a nosa mensaxe ou incluso enviar un arquivo das dúas mesmas opcións que cando enviamos unha tarefa.

A mensaxe de resposta iría nesta ventá, e se queremos enviar un arquivo podemos facelo en estes dous sitios.

The screenshot shows a forum reply form. At the top left, there is a blue link 'A súa resposta'. Below it, the 'Tema' (Topic) is 'Re: proba'. The 'Mensaxe' (Message) field contains the text 'Esto es muy difícil profe'. Below the message field, there is a 'Ruta' (Route) dropdown set to 'p'. The 'Subscripción' (Subscription) dropdown is set to 'Enviarme copias por correo dos comentarios neste foro'. The 'Anexo' (Attachment) section has a dashed box with a blue arrow pointing down and the text 'Arrastre e solte aquí os ficheiros para enviar.' (Drag and drop files here to upload). At the bottom, there is a 'Comentar no foro' (Comment on forum) button and a user identification bar showing 'Estás identificado como S3B Andrea Arias Canay (Sair)' and 'TEC3°ESO'.

E xa estaría a resposta publicada no foro.

The screenshot shows a forum thread. The breadcrumb trail is 'tecnoloxía e Informática ► TEC3°ESO ► Tema 1 ► FORO Deseño Individual proxecto Electricidade-Robó... ► proba'. The main heading is 'FORO Deseño Individual p'. Below it, there is a button 'Presentar respostas de fo'. The first post is titled 'proba' and is by 'Por Marta Garcia' on 'Xoves, 12 de Marzo do 2020, 16:57'. The second post is a reply titled 'Re: proba' by 'S3B Andrea Arias Canay' on 'Venres, 13 de Marzo do 2020, 09:33' with the text 'Esto es muy difícil profe'.

Outra ferramenta útil para enviar información personal ao profesor é cos mensaxes, xa que o foro é publico para todos os usuarios do curso, aínda que para dúbidas é mellor no foro porque como sempre as respostas son útiles para todos os compañeiros.

Na barra lateral esquerda en meu perfil – mensaxes – Conversas recentes podemos ver as mensaxes que tivemos.

Aula Virtual: Mensaxes

Páxina principal ► Meu perfil ► Mensaxes

Navegación

- Páxina principal
- A miña área persoal
- Páxinas do sitio
- Meu perfil
 - Ver perfil
 - Comentarios do foro
 - Blogs
 - Mensaxes**
 - Meus ficheros privados
 - Distincións persoais
- Os meus cursos

Administración

- Configuración do meu perfil
 - Editar o perfil
 - Cambiar contrasinal
 - Mensaxería
 - Blogs
 - Distincións

Navegación entre mensaxes:

- Contactos
- Contactos
- Conversas recentes**
- Notificacións recentes
- Cursos
 - Ale3ESO
 - BX3º
 - Marisa
 - ENQUISA ALUMNADO EDLG
 - FQ3BCD
 - Ana Bugallo 1
 - TEC3ºESO
 - Xª e Historia 2º

Estás identificado como S3B Andrea Arias Canay (Sair)

[Páxina principal](#)

Para enviar mensaxes, imos ao curso correspondente e en participantes buscamos ao profesor e facemos dobre click sobre o seu nome

TECNOLOXÍA 3ºESO

Páxina principal ► Os meus cursos ► Tecnoloxía e Informática ► TEC3ºESO ► Participantes

Os meus cursos: TEC3ºESO

Grupos visibles: Todos os participantes

Inactivo por máis de: Seleccionar

Rol actual: Todos os participantes


Todos os participantes:121

Nome : TodosABCDEFGHIJLMNÑOPQRSTUVWXYZ
 Apellido : TodosABCDEFGHIJLMNÑOPQRSTUVWXYZ

Páxina: 1 2 3 4 5 6 7 (Seguinte)

| Imaxe de usuario | Nome / Apellido | Cidade/Vila | País | Último acceso ao curso |
|------------------|---|-------------|--------|------------------------|
| | Por Marta Garcia | Vilagarcía | España | 8 mins 55 segundos |
| | S3B Alex Filgueiras de la Fuente | Vilagarcía | España | Nunca |
| | S3A Claudia Eugenia Sánchez Alonso | Vilagarcía | España | 93 días 19 horas |
| | S3D Zakariya Brikat | Vilagarcía | España | Nunca |
| | S3B Raisha Méndez Guerra | Vilagarcía | España | 1 ano 121 días |

A continuación pinchamos en enviar mensaxe



Escribimos a mensaxe e clicamos sobre enviar mensaxe.

